

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

RESOLUCIÓN do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

A programación para a medida Leader correspondente ao período 2014-2020 réxese polo disposto nos artigos 32 a 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre disposicións comúns referidas aos fondos Feader, Feder, Fondo de Cohesión, FSE e FEMP, e polo disposto nos artigos do 42 ao 44 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en diante, Feader). Os citados artigos regulan o desenvolvemento local participativo a través dos grupos Leader de desenvolvemento rural (en diante, GDR).

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011) e modificado pola Decisión de execución da Comisión C (2017) 5420 final, do 26 de xullo de 2017, pola Decisión de execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018, pola Decisión de execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019, e pola Decisión de execución da Comisión C (2020) 8432 final, do 25 de novembro de 2020, prevé na ficha correspondente á medida 19 (Leader) a tramitación de subvencións a través das estratexias de desenvolvemento local elaboradas polos GDR.

Neste contexto, a Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Local (en diante, a Agader), mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 publica o Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de febreiro de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

Ao abeiro das bases reguladoras citadas no parágrafo anterior, mediante Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 16 de novembro de 2016, seleccionáronse 24 estratexias de



desenvolvemento local presentadas por outras tantas asociacións que obtiveron o recoñecemento de GDR como entidades colaboradoras de Agader na xestión da medida Leader.

A colaboración entre a Agader e os GDR na xestión da medida Leader regúlase, conforme o previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG) (DOG núm. 121, do 25 de xuño), mediante o convenio de colaboración que o Consello da Xunta autorizou o 4 de agosto de 2016 e as partes asinaron o 13 de decembro de 2016.

Por outra parte, mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 13 de decembro de 2019, aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e publicáronse mediante a Resolución do director xeral da Agader do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro). Mediante Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de marzo de 2021, modificáronse as citadas bases reguladoras (DOG núm. 53, do 18 de marzo).

As bases reguladoras sinaladas no parágrafo anterior establecen as regras para a xestión das axudas correspondentes tanto á submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local) como á submedida 19.4 (custos correntes da estratexia de desenvolvemento local e animación e promoción territorial) da medida Leader.

Esta convocatoria está sometida ás bases reguladoras anteriores e refírese unicamente ao importe dispoñible na submedida 19.2 da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2021 e 2022.

Con esta finalidade de dar cabida no PDR aos novos contidos derivados da última modificación das bases reguladoras, estase a tramitar a correspondente modificación do PDR de Galicia 2014-2020. A eficacia da citada última modificación das bases reguladoras está expresamente condicionada á aprobación da correspondente modificación do PDR.

A Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2021 (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro), consignou crédito, a favor da submedida 19.2 do PDR, por importe de 9.613.304 €.

Deste crédito previsto para a anualidade 2021, un total de 3.302.990 € destinarase ao financiamento da convocatoria bianual de proxectos Leader 2020-2021.



Na presente convocatoria bianual de proxectos Leader 2021-2022 o crédito que se imputará con cargo á anualidade 2021 ascenderá a un total de 5.200.000 €.

Con respecto á anualidade 2022, está previsto un gasto de 7.800.000 €.

Desde o punto de vista da normativa de axudas de estado, conforme o previsto no capítulo VII (fichas de elegibilidade) das bases reguladoras que rexen esta convocatoria, esta ampararase na seguinte normativa:

a) No Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, e

b) No Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Esta convocatoria de axudas está cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nunha porcentaxe do 75 %.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do director xeral da Agader do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto), delegou na persoa titular da Dirección Xeral da Agader a competencia para realizar esta convocatoria.

Tendo en conta o anterior,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten como obxecto convocar, en relación coa medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), con cargo ás anualidades 2021 e 2022, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións que corresponden coa submedida 19.2 do PDR (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local).

2. Esta convocatoria está sometida ás bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que aprobou o Consello de Dirección da Agader, mediante



o Acordo do 13 de decembro de 2019, e se publicaron mediante a Resolución do director xeral da Agader do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro) e que se modificaron mediante Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de marzo de 2021 (DOG núm. 53, do 18 de marzo).

3. O código do procedemento que corresponde a esta convocatoria é MR701D.

Artigo 2. *Financiamento*

1. O financiamento desta convocatoria no ano 2021 será de 5.200.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 14.A1.712A.7600, 14.A1.712A.7700 e 14.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 14.05.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade de 2022, prevese un importe de 7.800.000 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2022.

A concesión de subvencións ao abeiro desta convocatoria está sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

2. No marco da medida 19 (Leader), submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local), do PDR de Galicia 2014-2020, o crédito indicado está cofinanciado nun 75 % polo Feader, nun 2,5 % pola Administración xeral do Estado e nun 22,5 % pola Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As contías indicadas poderán incrementarse en función das solicitudes presentadas, sempre que teña lugar unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa, segundo prevé o artigo 31 da LSG e o artigo 30 do Regulamento da dita lei, que se aprobou mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), e deberase publicar no DOG o aludido incremento de contía.

4. A distribución dos importes para as anualidades 2021 e 2022 sinálase, globalmente e por cada un dos GDR, nos anexos I e II, respectivamente, desta convocatoria.



5. En relación cos importes consignados no citado anexo II, no cal se recolle a distribución económica por GDR, cómpre sinalar que os ditos importes poderán ser obxecto de redistribución entre os distintos GDR nos supostos de non rexistrarse solicitudes suficientes nalgún GDR ou se a calidade dos proxectos presentados neles non acada a puntuación mínima exixida para ser subvencionables.

Artigo 3. *Solicitudes de axuda*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse, tendo en conta a localización do investimento, ao GDR que corresponda e presentaranse no formulario e coa documentación previstos no artigo 9 das bases reguladoras a que está sometida esta convocatoria.

2. Segundo o establecido no artigo 34 das bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en previsión dunha ordenada xestión, execución e peche da medida Leader do PDR, poderá variar as datas sinaladas no calendario de xestión da medida Leader, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas establecidas no dito calendario de xestión. Neste senso, establécese o prazo dun mes para a admisión de solicitudes de axuda, contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG desta convocatoria.

Artigo 4. *Execución e xustificación dos investimentos*

1. A data límite para executar e xustificar os investimentos vinculados aos proxectos subvencionados será a que estableza cada unha das resolucións de concesión de axuda, no marco do calendario xeral previsto nas bases reguladoras.

2. O réxime de xustificación regúlase no artigo 24 das bases reguladoras a que está sometida esta convocatoria.

Artigo 5. *Devolución de axudas*

Conforme o previsto no artigo 64 do Regulamento da LSG, os beneficiarios poderán devolver voluntariamente na conta da entidade financeira Abanca, nº ES19 2080 0388 2831 1000 1396, as axudas percibidas. No concepto da transferencia indícarase «Devolución da convocatoria Leader 2021-22» e mais o «Número de expediente».

Disposición adicional primeira. *Recursos*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde



o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela que corresponda, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Disposición adicional segunda. *Información*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Agader <http://agader.xunta.gal>
- b) Na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>
- c) No teléfono 981 54 73 62 (Agader).
- d) De xeito presencial, en Agader (lugar da Barcia, 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 73 62.
- e) Páxina web e sede dos GDR de Galicia. A relación dos GDR está publicada na antedita páxina web da Agader.

Disposición derradeira primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos



ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición derradeira segunda. *Práctica das notificacións que deriven da convocatoria*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para a xestión da convocatoria*

A persoa titular da Dirección Xeral da Agader poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta aplicación desta convocatoria.

Disposición derradeira cuarta. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira quinta. *Eficacia da convocatoria*

Esta resolución será aplicable desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a súa eficacia queda condicionada á aprobación da correspondente modificación do PDR de Galicia 2014-2020.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Inés Santé Riveira
Directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

ANEXO I

Subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 de Leader (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local) Aplicacións-proxectos da convocatoria 2021-2022

Aplicacións-proxectos para a anualidade 2021

Acción (submedida)	Aplicación Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Proxecto Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Aplicación Agader	Proxecto Agader	Orzamento inicial GPT	Orzamento inicial Feeder
01/19/20	14.05.712A.732.09	2016-00221	14.A1.712A.7600	2016 00001	1.355.133,33	1.016.350,00
01/19/20	14.05.712A.732.09	2016-00221	14.A1.712A.7700	2016 00001	3.380.000,00	2.535.000,00
01/19/20	14.05.712A.732.09	2016-00221	14.A1.712A.7810	2016 00001	464.866,67 €	348.650,00
Total					5.200.000,00	3.900.000,00



Aplicacións-proxectos para a anualidade 2022

Acción (submedida)	Aplicación Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Proxecto Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Aplicación Agader	Proxecto Agader	Orzamento inicial GPT	Orzamento inicial Feader
01/19/20	14.05.712A.732.09	2016-00221	14.A1.712A.7600	2016 00001	1.950.000,00	1.462.500,00
01/19/20	14.05.712A.732.09	2016-00221	14.A1.712A.7700	2016 00001	5.070.000,00	3.802.500,00
01/19/20	14.05.712A.732.09	2016-00221	14.A1.712A.7810	2016 00001	780.000,00	585.000,00
Total					7.800.000,00	5.850.000,00

ANEXO II

Distribución por GDR para o financiamento da submedida 19.2 de Leader (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local) Convocatoria 2021-2022

Número e nome do GDR	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Suma anualidades 2021 e 2022
GDR 01: Terras de Miranda	176.099,27	284.774,28	460.873,55
GDR 02: Terra Chá	272.264,41	378.792,64	651.057,05
GDR 03: Montes e Vales Orientais	322.042,11	440.993,32	763.035,43
GDR 04: Comarca de Lugo	180.777,12	289.347,73	470.124,85
GDR 05: Miño Ulla	224.334,33	331.932,56	556.266,89
GDR 06: Ribeira Sacra Courel	309.448,06	415.146,23	724.594,29
GDR 07: Valdeorras	230.021,92	337.493,18	567.515,10
GDR 08: Sil Bibei Navea	324.738,82	430.095,63	754.834,45
GDR 09: Monteval	219.275,50	326.986,69	546.262,19
GDR 10: A Limia Arnoia	255.630,32	362.529,93	618.160,25
GDR 11: Adercou	180.777,12	289.347,73	470.124,85
GDR 12: Carballiño Ribeiro	200.412,17	308.544,43	508.956,60
GDR 13: Condado Paradanta	176.099,27	284.774,28	460.873,55
GDR 14: Galicia Suroeste Eurural	179.376,64	287.978,53	467.355,17
GDR 15: Pontevedra Morrazo	189.437,10	297.814,40	487.251,50
GDR 16: Pontevedra Norte	244.483,83	351.632,24	596.116,07
GDR 17: Salnés Ulla Umia	176.099,27	284.774,28	460.873,55
GDR 18: Deloa	176.099,27	284.774,28	460.873,55
GDR 19: Terras de Compostela	176.099,27	284.774,28	460.873,55
GDR 20: Ulla Tambre Mandeo	200.955,18	309.075,35	510.030,53



Número e nome do GDR	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Suma anualidades 2021 e 2022
GDR 21: Ordes	177.404,58	286.050,48	463.455,06
GDR 22: Costa Morte	214.502,52	322.320,24	536.822,76
GDR 23: Mariñas Betanzos	190.837,57	299.183,60	490.021,17
GDR 24: Seitura 22	202.784,35	310.863,69	513.648,04
Importes totais	5.200.000,00	7.800.000,00	13.000.000,00



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

EXTRACTO da Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

BDNS (Identif.): 559824.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.minhap.gob.es/bsnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarias*

- a) As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- b) As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- c) As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, en relación coa medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) e con cargo ás anualidades 2021 e 2022, as subvencións que se corresponden coa submedida 19.2 do PDR (apoio para a realización de operacións conforme as estratexias de desenvolvemento local participativas dos grupos de desenvolvemento rural).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de



desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Cuarto. *Contía*

A contía global da convocatoria é de 5.200.000 € para a anualidade 2021 e de 7.800.000 € para a anualidade 2022. Este crédito está cofinanciado nun 75 % polo Feader e o seu importe está distribuído entre os grupos de desenvolvemento rural seleccionados no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Quinto. *Prazo de presentación das solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será, como mínimo, dun mes e iniciárase o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Estará aberto durante todo o período de execución da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, coa data límite que determine cada grupo de desenvolvemento rural en función da dispoñibilidade de fondos.

Sexto. *Outros datos*

Serán subvencionables proxectos de natureza produtiva que supoñan a realización dunha actividade económica con fins lucrativos. Tamén serán subvencionables proxectos de natureza non produtiva, consistentes na realización dunha actividade que sexa de interese público ou colectivo e que careza de finalidade lucrativa.

Na xestión destas axudas participan os grupos de desenvolvemento rural (GDR) que foron seleccionados como entidades colaboradoras da Administración para a xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.

As persoas beneficiarias poderán solicitar un anticipo de ata un importe máximo do 50 % da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021

Inés Santé Riveira
Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

